

Boletín CITMAGA Nº 16-2022

–Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia– (07/12/2022)

Seminario García Rodeja	2
Seminario Vidal Abascal.....	3
Seminarios de Ecuacións Diferenciais e Análise Funcional.....	4
Convocatorias, becas e axudas	6
Apoio a novas propostas	8
Ofertas de emprego	9
Outras novas de interese	10
CITMAGA en medios	17

Información da dirección

Prezadas compañeiras e prezados compañeiros:

Á espera da apertura da convocatoria de proxectos de xeración de coñecemento (plan nacional) por parte da Agencia Estatal de Investigación. Dende CITMAGA queremos axudarnos na elaboración das vosas solicitudes, como podedes ver na sección deste boletín “Apoio a novas propostas”. Se tedes intención de concorrer á convocatoria, por favor, contactade co noso persoal para poder organizar a axuda. Asemade, se tedes interese en participar en calquera outra convocatoria de proxectos ou bolsas, non dubidades en contactar connosco. Tamén actualizamos as últimas novas das convocatorias de proxectos INTERREG para a novo período 2021-2027 dos programas POCTEP, Atlantic Area e Sudoeste e os Programas de traballo e Infodays de Horizonte Europa para os anos 2023-2024.

Neste boletín queremos dar os parabéns ao investigador en formación Brais Rodríguez González que defendeu a súa tese de doutoramento o pasado 2 de decembro obtendo a máxima nota.

Lembrarvos tamén, que desde o 1 decembro e ata o 20 de xaneiro poderase desfrutar no Claustro de Fonseca, da exposición de fotografía astronómica documentada “Xoias do ceo” que está xestionada polo investigador vinculado ao CITMAGA José Ángel Docobo. Non a perdades!

Un saúdo moi cordial.

Rosa M. Crujeiras, Directora Científica (en funcións)

Javier Roca, Director Adxunto de Transferencia (en funcións)

**Consorcio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia**
www.citmaga.gal

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1
Rúa de Constantino Candeira s/n.
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.
citmaga@citmaga.gal | Telf.: +34 881 813 357

Seminario García Rodeja

The poster features a large purple letter 'T' on the left. To its right, the title 'El primer dígito de un número' is written in bold, followed by the speaker's name 'Luis Hernández Lamonedada' and affiliation 'CIMAT, Guanajuato, México'. Below this, a paragraph of text describes the seminar's content, mentioning powers of 2 and the distribution discovered by Simon Newcomb in 1881. At the bottom, a purple box contains the date 'Data: 15 de decembro de 2022', location 'Lugar: Aula 10 - Facultade de Matemáticas', duration 'Duración: 1 h', and time 'Hora: 17:30'. The footer includes logos for USC, CITMAGA, and other institutions.

El primer dígito de un número. Luis Hernández Lamonedada, CIMAT, Guanajuato, México

Resumo: Mira las potencias de 2: 2, 4, 8, 16, ...; es fácil predecir en que dígito termina cualquier elemento de esta lista. Pero, ¿y si nos preguntamos acerca del primer dígito? La cosa es más misteriosa, más interesante. Por ejemplo: ¿existirá una potencia de 2 que comience con un 7? (experimenta con tu móvil); ¿y con 77? ¿o con 7777777? ¿Cómo argumentarías a favor o en contra de ello? (el móvil ya no ayuda) Después de algunos experimentos numéricos (espero que) desconcertantes, probaremos que el primer dígito de las potencias de 2 se comporta de acuerdo a una distribución que el astrónomo y matemático Simon Newcomb, descubrió en 1881. Al final hablaré un poco de la historia de esta "ley", que aún no termina de comprenderse por completo, y algunas aplicaciones.

Data: 15 de decembro de 2022

Lugar Aula 10, Facultade de Matemáticas da USC.

Hora: 17:30h.

Duración: 1 hora.

Actividade co-financiada coa colaboración da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

**Consorcio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia**
www.citmaga.gal

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1
Rúa de Constantino Candeira s/n.
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.
citmaga@citmaga.gal | Telf.: +34 881 813 357

Seminario Vidal Abascal

SVA SEMINARIO VIDAL ABASCAL **USC** FACULTADE DE MATEMÁTICAS

Clasificación de los rayos geodésicos en superficies hiperbólicas: relación entre los flujos horocíclico y geodésico

Sergio Herrero Vila
Institut de Recherche Mathématique de Rennes (IRMAR)
Université de Rennes 1, Francia.

Resumen: El conjunto límite de una superficie hiperbólica nos proporciona información sobre la topología de las trayectorias geodésicas y horocíclicas.

El objetivo de esta charla es recordar la clasificación de los puntos límite a partir de la clasificación de los rayos geodésicos y presentar una clase general de superficies hiperbólicas con un tipo de puntos límite que dan lugar a dinámicas inusuales, tanto para el flujo geodésico como para el flujo horocíclico. Veremos como construir ejemplos sencillos en los que aparecen este tipo de geodésicas, llamados flautas hiperbólicas, y estudiaremos sus propiedades en este caso.

Data: 22 de decembro
Lugar: Aula 7 da Facultade de Matemáticas, USC
Hora: 16:00 h

UNIVERSIDADE DA CORUÑA USC Universidade do Vigo XUNTA DE GALICIA CONSSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES CITMAGA CENTRO DE INVESTIGACIÓN E TECNOLOXÍA MATEMÁTICA DE GALICIA

Clasificación de los rayos geodésicos en superficies hiperbólicas: relación entre los flujos horocíclico y geodésico.

Organizado polo CITMAGA, en formato presencial.

Será impartido por Sergio Herrero Vila, Institut de Recherche Mathématique de Rennes (IRMAR). Université de Rennes 1, Francia

Resumo: El conjunto límite de una superficie hiperbólica nos proporciona información sobre la topología de las trayectorias geodésicas y horocíclicas.

El objetivo de esta charla es recordar la clasificación de los puntos límite a partir de la clasificación de los rayos geodésicos y presentar una clase general de superficies hiperbólicas con un tipo de puntos límite que dan lugar a dinámicas inusuales, tanto para el flujo geodésico como para el flujo horocíclico. Veremos como construir ejemplos sencillos en los que aparecen este tipo de geodésicas, llamados flautas hiperbólicas, y estudiaremos sus propiedades en este caso. evaluación precisa de cuadraturas Gaussianas incluso con millones de nodos y cientos de cifras significativas en cualquier ordenador personal. para guiar las simulaciones.

Data: 22 de decembro de 2022

Lugar Aula 7, Facultade de Matemáticas da USC.

Hora: 16:00h.

Actividade co-financiada coa colaboración da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

**Consorcio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia**
www.citmaga.gal

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1
Rúa de Constantino Candeira s/n.
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.
citmaga@citmaga.gal | Telf.: +34 881 813 357

Seminario de Ecuacións Diferenciais e Análise Funcional

Un teorema de Browder y su aplicación a problemas de contorno
Pablo Amster (Universidad de Buenos Aires)

En esta charla mostraremos una extensión de un teorema de continuación de puntos fijos debido a Browder y presentaremos algunas aplicaciones a diversos problemas de contorno no lineales.

Data: Venres 16 de decembro do 2022

Lugar: Aula Seminario Análise Matemática (Facultade de Matemáticas)

Hora: 11:00 h.

Un teorema de Browder y su aplicación a problemas de contorno
Pablo Amster (Universidad de Buenos Aires)

Resumo: En esta charla mostraremos una extensión de un teorema de continuación de puntos fijos debido a Browder y presentaremos algunas aplicaciones a diversos problemas de contorno no lineales.

Data: 16 de decembro de 2022

Lugar Aula Seminario Análise Matemática, Facultade de Matemáticas, da USC.

Hora: 11:00h.

Actividade co-financiada coa colaboración da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Seminario de Ecuacións Diferenciais e Análise Funcional

A Comparative Study of a Predator-Prey System with the Impact of Fear and Habitat Complexity
Prof. G. Samanta
Indian Institute of Engineering Science and Technology

In this study, a predator-prey model with two different shaped functional responses is investigated where the prey reproduction and predators' attack coefficient are affected by the predator induced fear and the degree of habitat complexity respectively. For saturating shaped functional response, both prey and predator biomass may oscillate for lower levels of fear with a lower degree of habitat complexity. But for dome-shaped case, the coexistence steady state, if exists, may be locally asymptotically stable for a lower degree of habitat complexity. In this case, the system is capable of producing multiple coexistence steady states with a bi-stable phenomenon. In the dynamics of parametric disturbance, dome-shaped functional response may produce the hysteresis phenomena, whereas the saturating-shaped functional response predicts a system resilience. For both the functional responses, a higher degree of habitat complexity always increases the extinction possibility of the predator, and no level of fear can compensate this biodiversity loss.

Data: Martes 17 de xaneiro do 2023
Lugar: Seminario de Análise Matemático (Facultade de Matemáticas)
Hora: 12:00 h.
Duración: 1 hora

A Comparative Study of a Predator-Prey System with the Impact of Fear and Habitat Complexity.

Organizado polo CITMAGA, en formato presencial.

Prof. G. Samanta Indian Institute of Engineering Science and Technology

Resumo: In this study, a predator-prey model with two different shaped functional responses is investigated where the prey reproduction and predators' attack coefficient are affected by the predator induced fear and the degree of habitat complexity respectively. For saturating shaped functional response, both prey and predator biomass may oscillate for lower levels of fear with a lower degree of habitat complexity. But for dome-shaped case, the coexistence steady state, if exists, may be locally asymptotically stable for a lower degree of habitat complexity. In this case, the system is capable of producing multiple coexistence steady states with a bi-stable phenomenon. In the dynamics of parametric disturbance, dome-shaped functional response may produce the hysteresis phenomena, whereas the saturating-shaped functional response predicts a system resilience. For both the functional responses, a higher degree of habitat complexity always increases the extinction possibility of the predator, and no level of fear can compensate this biodiversity loss.

Data: 17 de xaneiro de 2023

Lugar: Seminario Análise Matemático, Facultade de Matemáticas, da USC.

Hora: 12h (duración 1 hora)

Actividade co-financiada coa colaboración da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Consorcio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia
www.citmaga.gal

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1
Rúa de Constantino Candeira s/n.
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.
citmaga@citmaga.gal | Telf.: +34 881 813 357

Convocatorias, becas e axudas

SE TES INTERESE EN CONCORRER A ESTAS OU OUTRAS CONVOCATORIAS, CONTACTA COA UNIDADE DE INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA DE MATEMÁTICA Á INDUSTRIA (ITMATI) DE CITMAGA:
itmati@citmaga.gal/sebastian.bouzas@citmaga.gal

- Convocatoria para o fomento da cultura científica, tecnolóxica e da innovación (FECYT). O 1 de decembro publícase no BOE o Anuncio do procedemento concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para o fomento da cultura científica, tecnolóxica e da innovación (FECYT).

📄 Información Convocatoria: pódese ver ([preme aquí](#)). [Enlace ao BOE \(preme aquí\)](#).

📅 Prazo: ate o 26/01/23.

- ✓ 25 de xaneiro de 2023 ás 13:00 horas (hora peninsular española) para elevar a definitiva a solicitude.
- ✓ 26 de xaneiro de 2023 ás 13:00 horas (hora peninsular española) para asinar electronicamente a solicitude.

- **Bolsas de Doutoramento – INphINIT Retaining.** CITMAGA apoia, como institución de acollida, a todos os investigadores que desexen, presentar a súa candidatura nesta convocatoria. Trátanse de 30 bolsas pre-doutorais para persoas investigadoras de calquera nacionalidade para levar adiante estudos en calquera disciplina en España. Entre os requirimentos, as persoas candidatas deben:

- Ter residido en España mais de 12 meses nos últimos 3 anos;
- Ao momento da contratación os candidatos ten que matricularse nun programa oficial de doutoramento en España, o doutorado ten que ser en unha universidade diferente a la universidade onde cursaron os estudos de grado;
- Acreditar nivel de inglés superior B2.

As bolsas cobren os custos de contratación, de investigación e das matrículas, e inclúe un curso de formación en competencias transversais para a transferencia e o emprendemento. A duración máxima da bolsa é de 3 anos, e contempla un bono pola presentación da tese. Se tes interese en participar neste programa contacta con Sebastián Bouzas (sebastian.bouzas@citmaga.gal).

📄 Información Convocatoria: pódese ver ([preme aquí](#))

📅 Prazo: ate o 16/02/23

- Durante o último trimestre de 2022 está prevista a publicación das primeiras convocatorias de proxectos **INTERREG** para a novo período 2021-2027 dos programas **POCTEP**, Atlantic Area e Sudoe. Se é do teu interese participar nestas convocatorias, é fundamental comezar a traballar no deseño dunha proposta de proxecto e creación de partenariado, xa que unha vez publicadas as convocatorias o tempo de presentación de solicitudes adoita ser tan só un mes.

A información actualizada dos diferentes programas é a seguinte:

- **POCTEP:** Xa están publicadas as [bases da primeira convocatoria](#) xunto coas normas de subvencionabilidade. O prazo de presentación de propostas estará aberto dende o **12/12/2022 ata o**

15/02/2023. Poden atopar aquí [toda a información e documentación actualizada](#), e a través da seguinte ligazón acceder ás [presentacións e vídeos do seminario de lanzamento](#) do novo programa.

- **Atlantic Area:** Xa está aberto o prazo de presentación de propostas da primeira convocatoria, dende o **14/10/2022 ata o 17/02/2023**. Poden atopar aquí as [bases da primeira convocatoria](#) e aquí toda a [información e a documentación necesaria para a preparación da proposta](#).
- **Sudoe:** Está previsto que durante o mes de decembro publiquen información actualizada da primeira convocatoria, pero poden atopar aquí a [última información dispoñible](#). O [seminario de lanzamento do novo programa](#) está programado para o 25 e 26 de xaneiro de 2023.

📁 Poden atopar mais información de cada programa nas respectivas webs: [POCTEP](#), [Atlantic Area](#) e [Sudoe](#).
Resumo en castelán da convocatoria ([preme aquí](#)).

○ MSCA – Staff Exchanges 2022

Proposta en consorcio de apoio á mobilidade internacional, intersectorial e interdisciplinar do persoal de I+i para a transferencia de coñecementos entre as organizacións participantes.

📁 Información Convocatoria: pódese ver ([preme aquí](#)).

📅 Prazo: 08/03/23

○ Axudas Proxectos Coordinados da AECC 2023 (Asociación Española Contra el Cáncer). Fomenta a investigación colaborativa a través de grupos de investigación multidisciplinar que respondan a unha necesidade clínica existente e cuxa colaboración supoña un valor engadido.

📁 Información Convocatoria: pódese ver o documento ([preme aquí](#))

📅 Prazo: 15/12/22

○ Planificación das convocatorias 2022 da Agencia Estatal de Investigación (AEI). O documento sobre as convocatorias 2022 que aínda non se resolveron, e as convocatorias que se esperan publicar do mes de outubro a decembro de 2022, e as resolucións das concesións para o ano 2023.

📁 Información Convocatorias: pódese ver o documento ([preme aquí](#))

○ Calendario de próximas convocatorias del Ministerio de Ciencia e Innovación. Decembro 2022 -abril 2023.

📁 Información Convocatorias: pódese ver o documento ([preme aquí](#))

○ Planificación das convocatorias para o ano 2023 da Axencia Galega de Innovación. Publicada a planificación para o ano 2023 das axudas da Axencia Galega de Innovación.

📁 Información Convocatorias: podes atopalo premendo en [MAPA DE APOIOS 2023](#).

○ Planificación das convocatorias para o ano 2023 do ERC, a convocatoria ERC ADVANCED GRANTS está próxima a abrir.

📁 Información datas: podes atopalo premendo en [2023 Calls Calendar](#).

Apoio a novas propostas

- Liña de apoios ás propostas: convocatorias da AEI:

Achegámosvos o calendario de convocatorias da Agencia Estatal de Investigación para os próximos meses:

CONVOCATORIA	APERTURA	ANO	ESTADO
“Contratación predoctoral para la formación de personal investigador”	Outubro	2022	non publicada
“Proyectos Generación Conocimiento”	Novembro	2022	Pendente de publicación
“Proyectos en Colaboración público-privada”	Decembro	2022	non publicada
“Contratos Ramón y Cajal”	Decembro	2022	non publicada
“Contratos Juan de la Cierva”	Decembro	2022	non publicada
“Contratación predoctoral para la formación de doctores en empresas - doctorados industriales”	Xaneiro	2023	non publicada

Dende o CITMAGA queremos dar o apoio necesario nas memorias de proxectos para esta ou outras convocatorias. Para iso pódese contactar directamente con Sebastián Bouzas (sebastian.bouzas@citmaga.gal) ou Adriana Castro Novo (adriana.castro@citmaga.gal).

En concreto, intentaremos axudarvos a completar a vosa proposta no relativo aos seguintes aspectos:

- Asociar o contido da proposta coa Axenda Científica de CITMAGA.
- Revisión do apartado de Impacto.
- Aplicar a perspectiva RRI (Responsive Research & Innovation).
- Orientar cara os principios da Open Science.
- Revisión dos aspectos de comunicación, diseminación e explotación de resultados.

[Programas de traballo e Infodays de Horizonte Europa 2023-2024](#)

Nos vindeiros días a Comisión Europea publicará no Portal de financiamento e licitacións da UE <https://ec.europa.eu/info/funding-tenders/opportunities/portal/screen/how-to-participate/reference-documents;programCode=HORIZON> os programas de traballo completos para o periodo 2023-2024 dos 6 clústers do Piar II de Horizonte Europa. Os programas de traballo son os documentos nos que se detallan os temas (topics) que se financiarán nas convocatorias de propostas de proxectos para o periodo 2023-2024.

Coincidindo coa publicación dos novos programas de traballo, a Comisión Europea e o CDTI están a organizar varios *Infodays e Brokerage events* sobre as novas convocatorias. De momento están planificados os *Infodays* dos seguintes clústers:

Clúster 4: Mundo dixital, industria e espazo:

- Infoday Comisión <<https://research-innovation-community.ec.europa.eu/events/3jM2kV6qwHjteovSf3VOrp/overview>> . 12-14 decembro
- Infoday CDTI <https://eventos.cdti.es/EN/20221215_Infoday_Cluster4Industria> . 15 decembro
- Brokerage event Space <<https://horizon-europe-space-2023-brokerage.b2match.io/>> . 8 decembro
- Brokerage event Industry <<https://he-industry-2023-brokerage.b2match.io/>> . 14 decembro
- Brokerage event Digital <<https://digital2022.b2match.io/>> . 15-16 decembro

Clúster 5: Clima, enerxía e mobilidade:

- Infoday Comisión <<https://research-innovation-community.ec.europa.eu/events/6wKEl7CncTdqVAWmeWEASd/overview>> . 15-16 decembro
- Infoday CDTI <https://eventos.cdti.es/EN/Infoday_CDTI_c5-clima_c6> . 21 decembro
- Brokerage event GREENET <<https://greenet-brokerage-event-2023.b2match.io/>> . 15 decembro

Clúster 6: Recursos alimentarios, bioeconomía, recursos naturais, agricultura e medio ambiente:

- Infoday Comisión <<https://research-innovation-community.ec.europa.eu/events/2tcohVdY0dfgCvuRj8RTw/overview>> . 13-14 decembro
- Infoday CDTI <https://eventos.cdti.es/EN/Infoday_CDTI_c5-clima_c6> . 21 decembro
- Brokerage event Clúster 6 <<https://he-2023-cluster6.b2match.io/>> . 19 decembro

Ofertas de emprego

As nosas ofertas de emprego poden consultarse en: <https://citmaga.gal/procesos-seleccion-personal>. Ofertas de emprego en proceso de resolución:

- 1 contrato como investigador/a colaborador/a a tempo parcia. "Consolidación de ferramentas de desenvolvemento e validación de modelos de optimización no ámbito enerxético". (REF. OFERTA: CITMAga-OT-26/2022)

Outras novas de interese

Exposición de fotografía astronómica documentada "Xoias do Ceo" (01/12/2022-20/01/2023)

O xoves 1 de decembro ás 13:00 inaugurouse *Xoias do Ceo*, unha exposición de 38 fotografías astronómicas documentadas con textos.

A exposición de fotografía astronómica documentada "Xoias do ceo" está xestionada polo investigador vinculado ao CITMAGA José Ángel Docobo

Poderase desfrutar no Claustro de Fonseca ata o 20 de xaneiro.

- Claustro superior do Colexio de Fonseca
- De luns a venres laborais entre o 1 de decembro e o 20 de xaneiro



Cartel da Exposición Xoias do Ceo.

**Consorcio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia**
www.citmaga.gal

Edif. Instituto Investigacións Tecnolóxicas, planta -1
Rúa de Constantino Candeira s/n.
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.
citmaga@citmaga.gal | Telf.: +34 881 813 357

“A Lúa, o Sol, os planetas pódese contemplar agora dende unha mirada máis cercana coa nova exposición de fotografía documentada Xoias do ceo. Esta mostra promovida polo Oarma reúne imaxes en alta resolución do sistema solar e do ceo profundo acompañadas do comentario científico elaborado no Observatorio Astronómico Ramón María Aller da USC, por José Ángel Docobo, o xestor da exposición; Pedro Pablo Campo Díaz e Xabier Pérez Couto, que tamén son responsables da preparación de información e textos adicionais, como o texto introductorio, outro sobre os inicios da fotografía aplicada á astronomía, e un resumo das técnicas utilizadas na captura das distintas imaxes astronómicas”.

XIX Conferencia Española e VIII Encontro Iberoamericano de Biometría (CEB-EIB 2023)

Entre os días 27 e 30 de xuño de 2023 terá lugar en Vigo a XIX Conferencia Española de Biometría (CEB). Nesta ocasión, a conferencia celebrarase conxuntamente co VIII Encontro Iberoamericano de Biometría (EIB) e contará coa participación das rexións Arxentina, Brasileira, Centroamericana e Caribeña, Chilena e Ecuatoriana da International Biometric Society (IBC). A conferencia está organizada polo Departamento de Estatística e Investigación Operativa da Universidade de Vigo e o grupo de investigación SiDOR (*Statistical Inference, Decision and Operations Research*), respondendo á petición da Sociedad Española de Bioestadística (SEB). Contamos tamén coa inestimable axuda das nosas compañeiras e compañeiros das rexións Arxentina, Brasileira, Centroamericana e Caribeña, Chilena e Ecuatoriana. O obxectivo xeral da CEB-EIB 2023 é a difusión dos resultados obtidos no desenvolvemento e aplicación de métodos estatísticos e matemáticos en Bioloxía, Medicina, Psicoloxía, Farmacoloxía, Agricultura e outras ciencias afíns.

Desde o Comité Organizador anímannos a enviar e presentar os nosos traballos! As presentacións de estudantes e xoves investigadoras/es son especialmente benvidas!

DATAS IMPORTANTES

=====

Apertura de envío de comunicacións: 1 de decembro de 2022

Apertura da inscrición: 9 de xaneiro de 2023

Data límite de envío de comunicacións: 4 de marzo de 2023

Data límite de inscrición reducida: 14 de abril de 2023

Curso previo: 27 de xuño de 2023

Conferencia: 28-30 de xuño de 2023

CONFERENCIAS PLENARIAS (CONFIRMADAS)

=====

Anabel Forte Deltell (Universitat de València, España; Presidenta da SEB).

Andreas Mayr (Universität Bonn, Alemaña).

**Consorcio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia**
www.citmaga.gal

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1
Rúa de Constantino Candeira s/n.
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.
citmaga@citmaga.gal | Telf.: +34 881 813 357

CURSO PREVIO

=====

"Introdución aos modelos de curación" impartido por María Amalia Jácome e Ricardo Cao (Universidade da Coruña, España).

MÁIS DETALLES E CONTACTO

=====

<http://cebeib2023.webs.uvigo.es>

cebeib2023@uvigo.es

Convocatoria de Premios do XX Certame Universitario 'Arquímedes', de Introducción á Investigación Científica

A petición do Ministerio de Universidades, compartimos a [convocatoria de Premios do XX Certame Universitario 'Arquímedes', de Introducción á Investigación Científica](#), publicada a través da [Orde 10 de novembro de 2022](#), para así contribuír á súa difusión entre alumnado e profesorado.

O Certame Arquímedes ten como obxectivo fomentar a investigación científica entre o estudiantado universitario premiando os mellores traballos de investigación desenvolvidos polo alumnado de grao e mestrado en todas as áreas do coñecemento.

O prazo de solicitude da presente convocatoria está aberto ata o 16 de decembro de 2022.

Pódese consultar máis información sobre os requisitos e procedementos de participación [na páxina web do Ministerio](#) e tamén solicitala a través do correo electrónico arquimedes@universidades.gob.es

Programa Ignicia: curso "Transferencia de coñecemento e interacción co Sistema de I+D+i" (combina sesións presenciais e online)

A [Axencia Galega de Innovación](#) da Xunta de Galicia, en colaboración coa [Fundación Barrié](#), organiza o curso «Transferencia de coñecemento e interacción co Sistema de I+D+i». Esta actividade enmárcase no [Programa Ignicia Transferencia de Coñecemento](#), nas actuacións orientadas a impulsar o desenvolvemento profesional do persoal investigador dos centros de coñecemento do Sistema Galego de I+D+i en aspectos relacionados coa comercialización de resultados da I+D.

Este curso, de carácter gratuíto, está dirixido a persoal investigador posdoutoral, a persoal investigador contratado con cargo a proxectos de universidades e organismos públicos de investigación, así como a persoas investigadoras e tecnólogas dos centros tecnolóxicos. O seu obxectivo é a aproximación aos actores do Sistema

**Consorcio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia**
www.citmaga.gal

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1
Rúa de Constantino Candeira s/n.
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.
citmaga@citmaga.gal | Telf.: +34 881 813 357

Galego de Innovación, a introdución nas bases da transferencia de coñecemento e a comercialización de resultados da I+D, ademais de contribuir ao desenvolvemento das seguintes capacidades: comprensión do valor da innovación e da investigación traslacional académica, as habilidades para presentar a investigación e conectar coa industria, e as estratexias para mellorar a produtividade da innovación nun entorno académico.

A directora científica en función do CITMAGA participa neste curso "*Transferencia de coñecemento e interacción co Sistema de I+D+i*" do programa *Ignicia* para coñecer, colaborar e reforzar o sistema de transferencia da GAIN. O curso deu comezo o día 29 de novembro e prolongarase ata mediados de febreiro de 2023.



Imaxe dos participantes no primeiro día do curso (imaxe da GAIN).

Lanzamento e Kick Off do proxecto "NumSeaHy"

O día 24 de novembro tivo lugar nas instalacións do CITMAGA o lanzamento e Kick Off do proxecto "*Numerical characterisation of coastal seabed environments using hydroacoustic data-driven techniques – NumSeaHy*", da convocatoria «Proyectos Estratégicos Orientados a la Transición Ecológica y a la Transición Digital» 2021. Participaron nesta reunión d elanzamento; o Investigador principal: Andrés Prieto, investigador vinculado a CITMAGA da UDC e outros investigadores que participan no proxecto: Marta Benítez (investigadora vinculada a

**Consorcio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia**
www.citmaga.gal

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1
Rúa de Constantino Candeira s/n.
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.
citmaga@citmaga.gal | Telf.: +34 881 813 357

CITMAGA da UDC), e Laura del Río da UDC, Mercedes Conde Amboage, investigadora vinculada ao CITMAGA da USC, Noela Sánchez da Uvigo e Daniel Rodríguez da UNED.



Imaxe dos participantes no Kick Off do proxecto.

Xornada Matemáticas e Lingua

O mércores 30 a Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Matemáticas organizou unha xornada divulgativa sobre Matemáticas e Lingua que incluíu un relatorio de Xulio Sousa, investigador do Instituto da Lingua Galega, co título '*Os números na lingua*' e un coloquio posterior que moderou directora científica en funcións do Centro, Rosa M. Crujeiras, e no que participou Alba Agnete Cajiao, da Universidade de Salamanca; Mercedes Conde Amboage, da investigadora vinculada ao CITMAGA da USC; Carmen García Mateo, da Universidade de Vigo; e Vitor Míguez Rego, da Universidade do País Vasco.

A sesión arrancou ás 16.30 horas na Aula Magna da Facultade de Matemáticas e a asistencia foi libre ata completar a capacidade da sala.

**Consorcio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia**
www.citmaga.gal

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1
Rúa de Constantino Candeira s/n.
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.
citmaga@citmaga.gal | Telf.: +34 881 813 357



Mesa do coloquio na xornada de Matemáticas e Lingua

Te lo cuentan las matemáticas


Proxecto para a estimulación de vocacións matemáticas en Educación Primaria e Secundaria. É un proxecto educativo para estimular as vocacións matemáticas entre os estudantes de Educación Primaria e primeiros cursos de Educación Secundaria (1º e 2º). Diseñouse desde MaReMa, o grupo de innovación docente Materiais e Recursos en Matemáticas da Universidade de Vigo, e conta coa colaboración de FECYT-Ministerio de Ciencia e Innovación.

A investigadora vinculada a CITMaga da UVIGO, Marta Pérez Rodríguez (Profesora Titular de Universidade Departamento de Matemáticas da UVigo), é a responsable do proxecto. Tamén forman parte do proxecto Beatriz Álvarez Díaz e Ixchel Dzohara Gutiérrez Rodríguez.

Desde decembro deste ano, celebraranse encontros con mozos investigadores. A finalidade é seguir achegando as Matemáticas ás nenas e nenos, dunha maneira amena e práctica, ademais de espertar vocacións.

**Consorcio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia**
www.citmaga.gal

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1
Rúa de Constantino Candeira s/n.
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.
citmaga@citmaga.gal | Telf.: +34 881 813 357



Imaxe do proxecto.

Máis información:

- <https://telocuentanlasmaticas.webs.uvigo.es/>
- <https://www.facebook.com/TLCLasMatematicas>
- <https://twitter.com/TLCLmatematicas>
- <https://www.instagram.com/telocuentanlasmates/>

172 European Study Groups with Industry (172 ESGI)

Do 15 ao 27 de febreiro de 2023, se celebrará en formato híbrido (en liña e presencial) o 172 ESGI, cunha duración total de 44h. A parte presencial celebrarase en Sevilla do 20 ao 21 de febreiro. Este ESGI centrarase na área de SAÚDE, CAMBIO DEMOGRÁFICO E BENESTAR.

O éxito das ESGI radica no seu formato único. Os investigadores reúnen en grupos de traballo para abordar e resolver os problemas expostos polas empresas participantes. Grazas á natureza transversal das matemáticas, estes problemas poden provir de calquera sector industrial.

**Consorcio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia**
www.citmaga.gal

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1
Rúa de Constantino Candeira s/n.
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.
citmaga@citmaga.gal | Telf.: +34 881 813 357

Máis información: <http://math-in.net/172esgi/en/presentacion-eng/>

[Bolsa de introdución á investigación na MBG-CSIC \(Pontevedra\).](#)

Ref: JAEIntroICU-2021-LifeHub-08

"FERRAMENTAS PARA O MODELADO MATEMÁTICO DA DINÁMICA DE SISTEMAS BIOLÓXICOS: UNHA APLICACIÓN EN PLANTAS (ARABIDOPSIS)"

Obxectivo: dar a coñecer a estudantes universitarios (preferentemente estudantes de máster) interesados en seguir unha carreira investigadora as posibilidades que ofrecen os Institutos do CSIC.

Condições: 5 meses, 600 €/mes, para seguir un plan de formación na MBG-CSIC (Pontevedra). Promedio semanal de dedicación de 20 horas/semana.

PRAZO de presentación de solicitudes: do 2 ao 28 de Decembro de 2022.

Investigador (titor) responsable: Dr. Julio R. Banga (j.r.banga@csic.es)

Centro no que se desenvolverá o plano de formación: MBG-CSIC, Pontevedra

Grupos participantes:

Saúl Ares, CNB-CSIC, Madrid.

Alejandro F. Villaverde, CITMAGA e Universidade de Vigo, Vigo.

Salomé Prat, CRAG, Barcelona.

Máis información e instrucións para a solicitude:

https://drive.google.com/file/d/15121SLvFkF4_EoFZwhs0BlOFwYCSsV20/view?usp=sharing

<https://lifehub.csic.es/segunda-convocatoria-becas-jae-intro-lifehub/>

CITMAGA en medios

- [El Colexio de Fonseca mostra «As xoias do ceo»](#). Publicada na Voz de Galicia o 2 de decembro de 2022. Para visualizar a nova completa [preme aquí](#).
- 'Xoias do ceo' e do sistema solar impactan na nova exposición de fotografía astronómica documentada". Publicada no Correo Gallego o 1 de decembro de 2022. Para visualizar a nova completa [preme aquí](#).
- La exposición de fotografía astronómica documentada, 'Xoias do ceo', "ilumina" el Alto Claustro de Fonseca. Publicada por Europress o 1 de decembro de 2022. Para visualizar a nova completa [preme aquí](#).

**Consorcio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia**
www.citmaga.gal

Edif. Instituto Investigaciones Tecnológicas, planta -1
Rúa de Constantino Candeira s/n.
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela.
citmaga@citmaga.gal | Telf.: +34 881 813 357

- La exposición de fotografía astronómica documentada, 'Xoias do ceo', "ilumina" el Alto Claustro de Fonseca. Publicada por GaliciaPress o 1 de decembro de 2022. Para visualizar a nova completa [preme aquí](#).
- Exposición sobre Fotografía Astronómica Documentada 'Xoias do ceo'. Publicada no Xornal da USC. Para visualizar a nova completa preme [aquí](#).
- Xoias do ceo. Publicada na web de Santiago Turismo. Para visualizar a información preme [aquí](#).

